



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO RURAL
AGRUPADO
RAÍÑA ARAGONTA

CRITERIOS DE CENTRO





CRITERIOS PARA A DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO.

Para todas as aulas do centro (sexan estas catalogadas ou autorizadas) a distribución **realízase no comezo do ciclo (4º EI) tendo en conta os 3 seguintes criterios de forma conxunta:**

- Distribución inicial do alumnado pola letra de inicio do seu primeiro apelido procurando unha distribución proporcional do número de alumnos/as en cada un dos grupos que existan.
- Reparto o máis igual posible entre nenos e nenas (en base á identidade rexistral dos mesmos) nos grupos que se constitúan.
- Reparto do alumnado que presenta NEAE acreditada a mesma por praza NEAE entre os grupos que se constitúan.

Este reparto inicial manterase nos 3 cursos que compoñen o ciclo.

De precisarse un desdobramento ou unha agrupación dos grupos iniciais nalgún dos cursos de 5º ou 6º de EI volveranse a aplicar os citados criterios. Isto implicará que os/as mestras adscritas a ditos grupos deixarán de ter a obriga de permanencia nos seus respectivos grupos e poderán adscribirse a aqueles que lles corresponda segundo a orde de prioridade que en cada momento lexisle a administración competente en materia educativa.



CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN DE ESPAZOS DO CENTRO

No noso colexio todo grupo ten a súa aula.

Por tratarse dun CRA, algunhas delas están situadas nas distintas parroquias coma edificios independentes; este é o caso de sete das nosas aulas: Barreiro, Budiño, Entenza (esta aula sitúase nun edificio propiedade da Comunidade de Montes), Fontán, Picoña e San Xurxo. As outras nove aulas sitúanse na sede administrativa.

Nesta sede administrativa ubícanse as diferentes dependencias propias dun centro educativo: sala de mestras, dirección, secretaría, ximnasio, aula de pedagogía terapéutica, aula de audición e linguaxe, despacho de orientación, aula multisensorial (empregouse o espazo de reunión co que contaba a ANPA logo que esta cedese dito espazo ao centro) aula de música-inglés, biblioteca, baños e nove aulas destinadas as distintas titorías.

Estas instalacións son utilizadas non só para impartir as clases, senón tamén para a xestión administrativa, reunións, etc. Ademais neste edificio contamos con ascensor para posibilitar o desprazamento de persoas con mobilidade reducida.

Descrición de espazos:

Todos os grupos contan cunha aula de referencia algunhas das cales están situadas nas distintas parroquias e outras na sede administrativa. En cada curso escolar se concretará na PXA o estado respecto dos espazos cos que conta o centro.

Espazos Administrativos:

Todos os trámites administrativos deben realizarse nas dependencias da Sede do CRA Raíña Aragonta. Para tal efecto, cada curso escolar, o equipo directivo do centro establecerá o horario que considere necesario para, unha vez atendidas as horas de docencia e necesidades do centro, ofrecer un horario de atención ás familias no que poidan realizar ditos trámites.

Espazos de docencia:



Os espazos de docencia son aqueles que empregan tanto alumnado como profesorado para levar a cabo actividades educativas, polo tanto, todo espazo tanto interior como exterior terá este carácter se nel se desenvolven actividades educativas programadas polo centro.

Cada grupo contará cunha aula de referencia.

O material que exista en cada aula pode variar dunhas a outras considerándose que cada aula debe contar co espazo físico mínimo para atender adecuadamente ao alumnado que nela se escolariza así coma do mobiliario necesario.

Respecto do mobiliario este corresponde ao centro e non a unha aula concreta polo que serán as necesidades de cada curso escolar as que determinen o lugar no que se vai a colocar. O seu uso debe ser correcto favorecendo a súa conservación. Periodicamente, se revisará o estado do mesmo e se propoñerá ao equipo directivo a solicitude de novo material que se valorará en base ao estado de todas as aulas do centro.

Cada unha das aulas mixtas contará cunha "Ficha de aula" na que se realizará unha descrición dos espazos cos que conta así coma outros datos (docencia das especialidades, condicións de acceso á aula, activación dos elementos de seguridade, etc.)

A distribución das aulas do edificio de esfarrapada realízase do seguinte xeito. Aulas 1,2,3,4,5,11,6,7,9 son aulas ás que se asignarán os grupos que se escolaricen neste edificio.

O criterio xeral sobre o reparto de grupos é que os grupos entrantes (4º) ocupan aulas que deixan libre os grupos saíntes (6º).

A asignación dos diferentes grupos a estes espazos indicados correspóndelle ao equipo directivo do centro que a realizará no inicio de cada curso escolar. De ser posible, tratarase de que os grupos entrantes roten respecto aos saíntes. Con todo, cando se xustifiquen ante o equipo directivo razóns polas que non aplicar este criterio, serán valoradas a fin de acadar unha, de ser o caso, unha resposta ás demandas realizadas.

Cando sexan máis as aulas que empregarán grupos entrantes que as aulas que empregan os grupos saíntes será o equipo directivo o que determine que espazos van a empregar cada un dos grupos.



A adscrición que efectúan os mestres/as a cada grupo de alumnos/as non leva parella a asignación dun determinado espazo das instalacións do centro.

Con carácter xeral a aula nº 8 será empregada para impartir as sesións atribuídas á/o especialista de Música e as sesións atribuídas á/o especialista de lingua estranxeira sempre que a organización do centro o permita. Esta aula poderá, se así o requiren as necesidades de escolarización, ser asignada a un grupo pasando as especialidades indicadas a impartir as sesións atribuídas a ditas mestras/es na aula de referencia de cada grupo en cuestión. Cando as condicións de espazo o permitan se asignará unha aula para cada unha das especialidades de música e inglés respectivamente.

Sesións atribuídas á especialista de educación física: A aula 12 (ximnasio) será a aula que con carácter xeral empregue o/a especialista de educación física para impartir as sesións atribuídas a dita especialidade. Nas aulas de parroquias se seguirá o que quede establecido na Ficha de aula da cada unha das aulas de parroquias.

Sesións atribuídas á especialista de Música: A aula 8 será a aula que con carácter xeral empregue o/a especialista de música para impartir as sesións atribuídas a dita especialidade. Nas aulas de parroquias se seguirá o que quede establecido na Ficha de aula da cada unha das aulas de parroquias.

Sesións atribuídas á especialista de lingua estranxeira: A aula 8 será a aula que con carácter xeral empregue o/a especialista de lingua estranxeira para impartir as sesións atribuídas a dita especialidade. Nas aulas de parroquias se seguirá o que quede establecido na Ficha de aula da cada unha das aulas de parroquias.

Especialista de Audición e Linguaxe: A aula 16 será a aula que con carácter xeral empregue o/a especialista de Audición e Linguaxe como espazo no que impartir as sesións atribuídas a dita especialidade, recordando que as sesión nesta deben aterse ao establecido na normativa específica. Nas aulas de parroquias se seguirá o que quede establecido na Ficha de aula da cada unha das aulas de parroquias.

Especialista de Pedagogía Terapéutica: A aula 14 será a aula que con carácter xeral empregue o/a especialista de Audición e Linguaxe como espazo no que impartir as sesións atribuídas a



dita especialidade, recordando que as sesións nesta deben aterse ao establecido na normativa específica. Nas aulas de parroquias se seguirá o que quede establecido na Ficha de aula da cada unha das aulas de parroquias.

Especialista de Orientación: A aula 15 será o lugar no que a xefatura do departamento de orientación emprega, carácter xeral, para a realización das funcións que ten encomendadas esta. Nas aulas de parroquias se seguirá o que quede establecido na Ficha de aula da cada unha das aulas de parroquias.

Especialista de relixión: As sesións desta especialidade serán asignadas aos espazos dispoñibles cos que co centro conte en cada curso escolar. Estes espazos poderán ser aulas nas que haxa asignado outra especialidade pero que no momento no que se precisan para a materia de relixión se atopen libres e tamén poderán ser asignados espazos de uso común coma a biblioteca.

Todas as sesións asignadas ás especialidades indicadas poderán impartirse noutro espazo docente diferente se así o determina o/a docente responsable en cada caso e/ou o equipo directivo.

A aula 10 será empregada para a biblioteca do centro e regularase polo establecido nos seus plans específicos.

Para todos os espazos de docencia que o equipo directivo considere preciso poderá establecer un horario de uso dos mesmos que o persoal do centro está obrigado a cumprir nas condicións que nel se establezan. Non se contemplan dentro deste punto, con carácter xeral, as aulas atribuídas a un determinado grupo.

Nas datas en que as necesidades de espazo requiran modificacións respecto dos criterios establecidos neste apartado esta modificación será comunicada con suficiente antelación ao equipo docente.



CRITERIOS REFERIDOS AO CLAUSTRO PARA O MANTEMENTO OU MODIFICACIÓN DOS ACORDOS ADOPTADOS.

Tomando como punto de partida que a rotación do claustro é unha cuestión inherente ao sistema educativo e que cando o claustro definitivo dun centro mudou de forma considerable respecto ao que acadou determinados acordos corresponde establecer un mínimo que garanta por unha banda a continuidade do acordado por un determinado claustro durante un tempo así como a conveniencia de revisar de forma periódica determinado acordos.

O criterio que se establece para a revisión e/ou solicitude de modificación dos criterios fixados no centro é que haxa unha **modificación do 65% do claustro, con destino definitivo, respecto do que acordou dita decisión.**

Isto implica que unha vez debatidos aspectos de competencia do claustro e acordada por votación unha postura sobre determinadas cuestións ese criterio se manterá mentres non cambie máis do 65% do claustro que a adoptou e/ou se produza un novo nomeamento ao completo para un equipo directivo do centro.



CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

O establecido neste punto é o que contempla a normativa sobre este tipo de actividades, é dicir, a súa participación ten carácter voluntario. O centro conta cuns instrucións nas que se concreta cómo se debe proceder para este tipo de actividades.

Ademais do indicado nese documento, **aquelas actividades complementarias recollidas na PXA** que se leven a cabo, por necesidades de espazo, fóra da aula ordinaria na que se escolariza o/a alumno/a implicarán **o desprazamento do alumnado desta aula ás instalacións que se indiquen na organización que o centro remita ás familias**. Isto implicará que esa aula permanece pechada no día da actividade. O alumnado que non esta autorizado a participar nela recibirá atención educativa nas instalacións da Sede.



CRITERIOS CONCRETOS PARA A ACTIVIDADE DO ENTROIDO PARA CADA SECTOR DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

1. Características do disfraz:

Debe gardar relación co proxecto de traballo do centro.

A competencia para determinar de que se vai a disfrazar cada aula corresponde ao claustro.

Debe ser 100% elaborado.

O límite de gasto será fixado polo equipo directivo.

Non pode ser mercado

Si poden mercarse complementos que na súa suma non poden ser o 100% do disfraz.

2. Participación do alumnado na actividade:

A participación do alumnado nesta actividade será voluntaria e, de ser o caso, poderá participar no desfile que organiza o concello sen ir disfrazado/a.

3. Participación do profesorado na actividade:

A participación do profesorado nesta actividade é obrigatoria en relación coas funcións que lle son propias como persoal do centro e, de ser o caso, poderá participar no desfile que organiza o concello sen ir disfrazado/a.

4. Participación do persoal non docente:

A participación do profesorado nesta actividade é obrigatoria en relación coas funcións que lle son propias como persoal do centro e, de ser o caso, poderá participar no desfile que organiza o concello sen ir disfrazado/a.

5. Participación das familias:

As familias poderán participar na realización dos disfraces das aulas nas condicións que se determine cada curso escolar. Non poderán participar como acompañantes no desfile que organiza o concello.



MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS RESPECTO DA XESTIÓN DAS COPIAS.

Dentro desta xestión tamén existe que os/as mestres/as do centro poidan empregar parte das súas asignacións de aula ou a totalidade das mesmas para realizar copias en cor que se descuentan da asignación que lle corresponda. No momento actual, co contrato que ten o centro coa empresa que xestiona as fotocopiadoras, o custe por copia é de 0,0589€ + iva (21%).

Incrementarase paulatinamente o número das copias coa seguinte distribución:

Para o **curso 25/26**: Titores +4 por alumno/a, Especialistas: +20

Para o **curso 26/27**: Titores +3 por alumno/a, Especialistas: +20

Para o **curso 27/28**: Titores +3 por alumno/a, Especialistas: +10

Ao remate do curso 27/28 contarase co dobre de copias en cor as establecidas actualmente.

Ao remate dese curso se valorará de novo a situación en base ao gasto que este incremento repercuta nas contas do centro.